

**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA OBRA CAMIÑO DE POUSADA Á CAPELA DE SAN XOANCIÑO (AMES) E OUTRO. POS ADICIONAL 1/2016**

Na Casa do Concello de Ames a 20 de abril de 2018

**REÚNENSE:**

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaria do Concello, D<sup>a</sup> Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de abril de 2018.

Doutra parte, D. Diego Nieto Barreiro, con DNI nº 32.814.311-G, na representación de Construcciones Ponciano Nieto, S.L., con C.I.F. B-15293145 e domicilio no lugar de Agra dos Cregos nº 28 - baixo de Zas (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra "**camiño de Pousada á capela de San Xoanciño (ames) e outro**", e ó obxecto establecen as seguintes

**CLÁUSULAS:**

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Construcciones Ponciano Nieto, SL a realización das obras comprendidas no proxecto de "**camiño de Pousada á capela de San Xoanciño (Ames) e outro**" no prezo de vinte e oito mil cincuenta e sete euros e vinte céntimos **(28.057,20.- €)** máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende á contía de cinco mil oitocentos noventa e dous euros e un céntimo **(5.892,01.- €)**, de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **1.402,86 €**, mediante aval de Afianzamentos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.), inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº. 49.575 correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

A SECRETARIA,-

O CONTRATISTA,



CONSTRUCCIONES  
PONCIANO NIETO, S.L.  
C.I.F. B-15293145  
Agra dos Cregos, s/n - 15850 ZAS - A Coruña